

R. 1375

GUNTÍN*Anuncio*

Estando próximo a vencer el período –cuatro años- por el que se nombró Juez de Paz Titular de este Municipio, se convoca para que, en el plazo de quince días computados a partir de la publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, cuantos tengan interés en aspirar al mencionado cargo dirijan una instancia al Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Guntín, haciendo constar lo siguiente:

- 1.- Nombre y apellidos, D.N.I., edad, profesión y domicilio.
- 2.- Si ha desempeñado el cargo de juez de paz o sustituto.
- 3.- Méritos que estime puede hacer valer.

Lo que se hace público en cumplimiento de lo ordenado por el Sr. Alcalde-Presidente, para conocimiento de cuantos interesen solicitar la indicada plaza.

R. 1376

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 3 de maio de 2017, aprobou a **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS E CONCERTOS DAS FESTAS DO ARDE LUCUS 2017. LOTE 1. ESCENARIOS, ESTRUCTURAS, GRADAS E ELEMENTOS AUXILIARES. LOTE 2: ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA E EXPLANADA DO PAVILLÓN LOTE 3: ANIMACIÓN DE RÚA. (EXP. REF. 16-2017).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
- c) **Obtención de documentación e información:**
 1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
 2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
 3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
 4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
 5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
 6. **Correo electrónico:** www.contratacion@concellodelugo.org
 7. **Dirección internet:** www.Lugo.gal (Perfil do contratante)
 8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.
- d) **Número de expediente:** 16/2017

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Tipo de contrato:** Servizo
- b) **Descrición:** É obxecto destes contratos a prestación dun servizo de produción dos espectáculos, concertos e animación na rúa organizados polo Concello de Lugo nas festas de Arde Lucus
- c) **División por lotes:**
 - LOTE 1: Escenarios, estruturas, gradas e elementos auxiliares.
 - LOTE 2: Producción espectáculos na praza de Santa María e explanada do Pavillón.
 - LOTE 3: Animación de rúa.
- d) **Lugar de execución/entrega:** Termino municipal de Lugo.

e) Prazo de duración/ Prazo de execución: A duración dos contratos corresponderase co período de festas de ARDE LUCUS 2017 que se celebran os días 30 de xuño e 1 e 2 de xullo, se ben a/s empresa/s que resulten adxudicatarias dos contratos deberán estar en disposición de iniciar os traballos de montaxe nas datas establecidas no prego de condicións técnicas.

f) Admisión de prórroga: NON

g) Establecemento de acordo marco: NON

h) CPV : CPV:92312100-2 Servizos artísticos de produtores de teatro, grupos de cantantes, bandas e orquestras.

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

c) Criterios de adxudicación: Ver **cláusula décimo segunda** dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato:

O prezo estimado para cada lote é de:

LOTE 1: 16.965,79 euros máis 21 % IVE 3.562,82 € que fai un total de 20.528,61 €

LOTE 2: 11.800 euros máis 21 % IVE 2.478 € que fai un total de 14.278 € .

LOTE 3: 10.330 € máis o 21% de IVE 2.169 € que fai un total de 12.499 €.

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

LOTE 1: 16.965,79 euros máis 21 % IVE 3.562,82 € que fai un total de 20.528,61 €

LOTE 2: 11.800 euros máis 21 % IVE 2.478 € que fai un total de 14.278 € .

LOTE 3: 10.330 € máis o 21% de IVE 2.169 € que fai un total de 12.499 €.

6.- Garantías:

a) Provisional: NON procede

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia: A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) Clasificación: NON

c) Outros requisitos: ver cláusula sexta do prego

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil

b) Modalidade de presentación: formato papel.

c) Lugar de presentación:

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Dirección electrónica:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)

d) Admisión de variantes:NON

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta: 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data e hora: O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións as 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 96,98 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecida na cláusula décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 10 de maio de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 1377

PANTÓN

Anuncio

O Pleno Municipal en sesión ordinaria de data 14 de marzo de 2017, adoptou o acordo de aprobación provisional da Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello de Pantón; habendo transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentasen reclamacións, o acordo provisional se considera definitivamente adoptado, e se remite ao Boletín Oficial da Provincia para a publicación do texto íntegro .

ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACION ELECTRONICA DO CONCELLO DE PANTON.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co fin de dar resposta aos cambios que provoca a chegada das TIC á vida das persoas e da administración e, en atención á constante preocupación que o Concello de Pantón veu mostrando por prestar á cidadanía un mellor servizo, aplicando políticas de calidade na Administración como técnica para o logro da excelencia no servizo, créase o presente instrumento normativo, regulador dos dereitos, deberes, condicións, garantías e efectos xurídicos derivados da implantación da Administración Electrónica. Neste senso, existiu sempre o convencemento de que unha adecuada atención ao cidadán, elemento básico da Calidade de Servizo, tradúcese nun progreso do propio servizo, ao mellorar a comunicación co usuario e colaborar coa eficiente resolución dos asuntos que este demanda, reducindo ao mesmo tempo os custos nos que incorre a organización á hora de prestar un servizo determinado e proxectando unha imaxe máis positiva da Administración cara ao conxunto da cidadanía.

Trala reforma da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, acometida no ano 2003, o lexislador introduciu un novo artigo 70 bis, que no seu apartado terceiro contén un mandato expreso dirixido especialmente aos municipios para o impulso da utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación, en aras a facilitar a participación e a comunicación cos veciños, a presentación de documentos, e a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadás. Este precepto legal supuxo a concreción, para as entidades locais, do mandato que xa se contiña no artigo 45 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que foi, á súa vez, desenvolvido pola Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos Servizos Públicos. O contido desta última lei leva un completo recoñecemento do dereito de achegarse á cidadanía para relacionarse coa Administración por medios electrónicos, o cal supón, á súa vez a necesidade de habilitar, por parte da administración, devandita canle de comunicación en relación coa cidadanía, impulsando a través do mesmo, políticas de calidade, de eficiencia e eficacia no servizo aos cidadáns.

Tal e como, acertadamente, sinala a Lei 11/2007 na súa Exposición de Motivos, as tecnoloxías da información e as comunicacións fan posible achegar a Administración até a sala de estar dos cidadáns ou até as oficinas e despachos das empresas e profesionais. Permítenlles relacionarse con ela sen colas nin esperas. E mesmo recibir servizos e informacións alleos a actividades de intervención administrativa ou autorización; informacións e servizos non relacionados con actuacións limitadoras, senón ao contrario ampliadoras das súas posibilidades. Esas condicións permiten tamén aos cidadáns ver á Administración como unha entidade ao seu servizo e non como unha burocracia pesada que empeza por esixir, sempre e para empezar, o sacrificio do tempo e do desprazamento que impón o espazo que separa o domicilio dos cidadáns e empresas das oficinas públicas. Pero, ademais diso, as novas tecnoloxías da información facilitan, sobre todo, o acceso aos servizos públicos a aquelas persoas que antes tiñan grandes dificultades para chegar ás oficinas públicas, por motivos de localización xeográfica, de condicións físicas de mobilidade ou outros condicionantes, e que agora se poden superar polo emprego das novas tecnoloxías. Dáse así un paso transcendental para facilitar, en igualdade de condicións, a plena integración destas persoas na vida pública, social, laboral e cultural.

Tendo en conta todo o anterior, o Concello de Pantón, consciente desta obriga legal e convencida da oportunidade que iso implica para achegar a Administración e ofrecer un mellor servizo á cidadanía, aproba a presente Ordenanza ao obxecto de establecer os compromisos e obrigacións que aquela asume en relación á posta en marcha do canle telemático. Esta Ordenanza establece, por tanto, o marco normativo no que o Concello de Pantón asume o compromiso de impulsar unha administración que empregue os medios electrónicos dispoñibles para facilitar a relación da cidadanía coa súa Administración máis próxima, mellorando con iso o